

Tema 8. Guerra Fría e Novo Orden Mundial. Descolonización.

Guerra Fría.

1. A xénese da Guerra Fría.

1.1. A que se chama Guerra Fría?

A Guerra Fría foi o **estado de tensión permanente** que caracterizou as relacións internacionais entre 1947 e 1991. Durante ese período o mundo **dividiuse en dous bloques antagónicos**, cada un encabezado por unha das **dúas superpotencias**: **Estados Unidos** e a **Unión Soviética**. Cada bloque representaba un modelo político e económico diferente:

- O **bloque occidental** posuía un **sistema político democrático** e unha **economía capitalista**.
- O **bloque comunista** defendía un **sistema político totalitario marxista** e unha **economía planificada**.

O inicio da Guerra Fría **vincúlase** co final da Segunda Guerra Mundial. Axiña se viu que a **cooperación** entre os aliados, vencedores na contenda, era **totalmente imposible**.

En **1946 Churchill** anunciou a creación dunha “**cortina de aceiro**”. Con este termo describía a **crecente influencia soviética** sobre os **países do centro de Europa**.

No ano **1947** **comezaron as tensións** entre as superpotencias: crises de Irán e Turquía, guerra cívil en Grecia... Por iso, adóitase considerar que este ano deu **comezo a Guerra Fría**.

1.2. Características da Guerra Fría.

Ao longo do tempo, as relacións entre as superpotencias evolucionaron, pero os **trazos básicos da Guerra Fría** mantivéronse:

- **Articulouse un sistema bipolar** en que ambas as superpotencias mantiñan un **clima de tensión internacional** baseado na **ameaza mutua**.

- Unha **frenética carreira de armamentos**, que **augmentou perigosamente a capacidade destrutiva de ambas as superpotencias**, con **armamento atómico**.

- A **delimitación de áreas de influencia** por parte das dúas superpotencias.

- **Uso da propaganda** para reforzar a **cohesión das súas respectivas zonas de influencia**, convencéndolas dos **perigos que representaba o bloque contrario**.

- A política do “**bordo do abismo**”. Alternaron **momentos de máxima tensión**, cando algunha das superpotencias ou algún aliado superaba os límites da zona de seguridade, e **momentos de distansión**, en que se chegaba a acordos de seguridade ou de non proliferación de armas.

- Había **conflitos de baixa intensidade**, conflitos de **carácter rexional** que non poñían en perigo a paz mundial, nos cales **as dúas superpotencias interviñan directa ou indirectamente**.

- O **desenvolvemento das actividades de espionaxe e os servizos secretos**, a CIA e o KGB.



2. Caricatura soviética da Guerra Fría. Os estadounidense «disfrazan» unha bomba de pomba da paz.

A carreira de armamentos e o temor a un ataque nuclear.

A arma principal na Guerra Fría foi a bomba atómica. En principio, só dispoñía dela Estados Unidos. Non obstante, a Unión Soviética conseguíuna en 1949.

En 1952, Estados Unidos realizou o primeiro ensaio cunha bomba de hidróxeno (bomba H), 2.500 veces máis potente ca de Hiroshima. Os soviéticos desenvolveron a súa propia bomba H.

Ao finais dos 1960 había suficientes armas nucleares para acabar co planeta varias veces.

Esto fixo que o temor a un ataque nuclear estivese presente na vida dos cidadáns de moitos países: publicábanse folletos de como protexerse da radiación, construíanse refuxios atómicos nas vivendas e nos edificios públicos, os nenos realizaban simulacros...

2. Os bloques da Guerra Fría.

2.1. O bloque occidental ou capitalista.

Estados Unidos asegurou o seu dominio na maioría dos países de Europa occidental.

Neses países establecéronse sistemas políticos democráticos cun modelo económico capitalista ou de mercado. Este bloque vertebrouse arredor de tres grandes eixes: a doutrina Truman, o Plan Marshall e a Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN).

- A doutrina Truman ou doutrina da contención. En 1947, os efectos da Segunda Guerra Mundial nos países de Europa occidental eran moi graves. A xuízo da administración estadounidense, se se mantiña esa situación corriase o risco de que o comunismo avanzase nesta zona do continente. O presidente dos EE.UU., H. S. Truman, puxo en marcha unha política exterior centrada na contención do comunismo a través do programa de axuda económica.

- O Plan Marshall. O Goberno estadounidense deseñou un plan de axuda para reactivar a economía europea por valor de case 13.000 millóns de dólares. O plan beneficiou dezasete países de Europa. España foi excluída debido a que non tiña un réxime democrático.

- A Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN). Asinouse en 1949 en Washington, que estableceu unha alianza militar defensiva contra calquera agresión ao mundo occidental. Inicialmente estivo integrada por Bélxica, Canadá, Dinamarca, EEUU, Francia, Islandia, Italia, Luxemburgo, Noruega, os Países Baixos, Portugal e o Reino Unido.



10. OS DOUS BLOQUES EN EUROPA EN 1953

2.2. O bloque oriental ou comunista.

A alianza entre os países de Europa central e oriental, baixo o liderado da URSS, traducíuse nun intento de converter eses países en auténticos satélites cunha total dependencia política e económica da URSS.

Os países que formaron o bloque soviético en Europa foron Romanía, Hungría, Checoslovaquia, Polonia, Bulgaria e a República Democrática Alemá (RDA), fundada en 1949. Nestes Estados impuxéronse réximes políticos coñecidos como democracias populares. En realidade, eran ditaduras de partido único en que non se respectaban os dereitos e liberdades fundamentais dos cidadáns e se reprimía con dureza calquera tipo de oposición.

O bloque oriental vertebrouse, tamén, arredor de tres grandes eixes: a doutrina Jdonov (Zhdánov), o Plan Mólotov que posteriormente se concreta no COMECOM e o Pacto de Varsovia.

- O **Informe ou doutrina Jdanov** (1947), é a resposta a Doutrina Truman, Jdonov acepta a **tese da "cortina de aceiro"** e recoñece a división do mundo en dous campos. Promove a solidariedade e a **asociación dos países comunistas** que se **opoñen o capitalismo**.

- **Plan Mólotov**: En 1947 como resposta o **Plan Marshall**, que a **URSS rexeita**, o ministro soviético Molotov propuxo un plan que consistía en **acordos comerciais bilaterais** co resto de países do seu bloque. En 1949 creouse o **Consello de Axuda Mutua Económica (Comecon)**, que tiña o obxectivo de **coordinar a planificación da economía** dos países membros e **consensuar un sistema de axuda mutua**. Ao Comecon **pertenceron** inicialmente a URSS, Romanía, Hungría, Checoslovaquia, Polonia e Bulgaria. Máis tarde uniuse Albania, aínda que abandonou a organización en 1961.

- **Pacto de Varsovia**: Fundouse en 1955, como **protección militar e en resposta á OTAN**. Foi unha **alianza entre a URSS e os países europeos da órbita soviética** para defenderse ante calquera agresión do bloque occidental. Este acordo militar, en realidade, **utilizouse máis para impoñer a orde dentro do bloque comunista** ca para os obxectivos para os que foi creado.

Iugoslavia e Albania tamén implantaron un sistema **comunista**, pero **negáronse a aceptar a subordinación á URSS**. **Fóra de Europa**, o comunismo **foi gañando posicións** ao alentar procesos revolucionarios en **China, Corea e Vietnam**.

3. Dos inicios á coexistencia pacífica (1947-1953).

Os **primeiros anos da Guerra Fría**, entre 1947 e 1953, foron **os máis duros**. Aínda que houbo outras, dúas grandes crises **destacaron** neste período: o **bloqueio de Berlín** e a **guerra de Corea**.

3.1. O bloqueio de Berlín.

Tras a 2ª Guerra Mundial, os países **vencedores** (EEUU a URSS, e Reino Unido e Francia) acordaron a **división de Alemaña en catro sectores**. **Berlín**, aínda que estaba situado dentro da **zona soviética**, tamén foi **dividido**.

En 1948 celebrouse a **Conferencia de Londres**, onde os **aliados occidentais acordaron a unificación de Alemaña** nun só Estado.

A resposta de Stalin foi o **bloqueio terrestre de Berlín**. A cidade **quedou illada**. Ante o bloqueio soviético, Estados Unidos organizou unha inmensa **ponte aérea** para **garantir o abastecemento da poboación** de Berlín occidental. O bloqueio soviético foi **finalmente levantado** en maio de 1949. Como consecuencia desta crise, en 1949 **Alemaña quedou dividida en dous Estados**:

- A **República Federal de Alema (RFA)**, baixo influencia do bloque occidental e cun sistema político democrático.
- A **República Democrática Alema (RDA)**, baixo influencia do bloque oriental, tutelado pola URSS e cun réxime comunista.



3.2. A guerra de Corea (1950-1953).

Corea formaba parte do Imperio xaponés antes da Segunda Guerra Mundial.

Tras a derrota xaponesa en 1945 quedou **dividida en dous Estados separados polo paralelo 38° N**:

- **Corea do Norte**, cun **Goberno comunista** que gozaba das simpatías da URSS, liderado por Kim Il Sung.
- **Corea do Sur**, un **Estado prooccidental**, pero autoritario e apoiado por Estados Unidos, dirixido por Syngman Rhee.

En 1950 **Corea do Norte invadiu Corea do Sur**. O exército surcoreano case fora derrotado cando a **ONU condenou a invasión e aprobou a intervención dos cascos azuis** para sufocar o conflito.

A coalición das Nacións Unidas, liderada por EEUU, **emprendeu a reconquista** de Corea do Sur e chegou a internarse no norte, preto da fronteira chinesa. Ante este feito, **China anunciou o seu apoio a Corea do Norte**.

13. A GUERRA DE COREA



En xullo de **1953** asinou o **armisticio**, o que consolidou a **existencia de dous Estados** separados por unha franxa de seguridade controlada pola ONU. Esta división **perdura ata hoxe**.

14. A GUERRA FRÍA (1946-1953)



4. Da coexistencia pacífica á crise dos mísiles (1953-1962).

En **1953** produciuse unha **substitución dos dirixentes** das dúas superpotencias.

O **xeneral Eisenhower** asumiu a **presidencia de Estados Unidos** e **Nikita Krushev** foi elixido **primeiro secretario do PCUS**. Abríase unha **nova etapa** nas relacións entre os dous bloques que se denominou **coexistencia pacífica**. Non obstante, a pesar de rebaixarse a tensión entre as superpotencias houbo **crises localizadas**.

4.1. A revolución húngara.


Con Krushev viviuse unha **certa apertura no bloque comunista**. En Hungría xurdiu un **movemento de crítica** ao comunismo. En outubro de **1956** producíronse **manifestacións demandando liberdades**. O **exército húngaro uniuse** aos manifestantes e a protesta transformouse en **revolución**. Un mes despois, Hungría **anunciou a súa saída do Pacto de Varsovia** e solicitoulle a ONU ser recoñecida como **país neutral**. Os **tanques soviéticos entraron en Budapest** e acabaron coas pretensións húngaras.

4.2. A crise do canal de Suez.

Ao mesmo tempo, en outubro de **1956** o presidente de Exipto, **Nasser**, **nacionalizou o canal de Suez**, unha vía de comunicación fundamental para o comercio internacional **que controlaba unha empresa anglofrancesa**. O **Reino Unido e Francia**, **apoiados por Israel**, proxectaron unha **operación militar** para acabar co goberno de Nasser. Aínda que en principio recobraron o control de parte do canal, esta **intervención fracasou**, xa que tanto **EEUU coma a URSS se opuxeron** a ela e fixeron presión para que a **ONU impuxese a retirada** das forzas anglofrancesas.

4.3. O muro de Berlín.

Tras a constitución das dúas “Alemañas”, **Berlín quedara dividido en dous sectores**, o occidental e o oriental, que era a capital da República Democrática Alemá. Entre ambas as zonas existían **grandes diferenzas**: o **sector occidental gozaba dunha economía moito máis próspera** ca o oriental e a súa **poboación gozaba de liberdades**. Por iso, **moitos habitantes da Alemaña Oriental escapaban á zona occidental**. As autoridades comunistas decidiron poñer **fin a esas fuxidas coa construción**, en **1961**, dun **muro** que dividiu Berlín durante case trinta anos.



4.4. Acrise dos mísiles en Cuba.

En **1959** a guerrilla liderada por **Fidel Castro puxo fin á ditadura de Batista** en Cuba. O **novo Goberno** foi visto desde o principio como unha **ameaza para os intereses estadounidenses** na illa.

En 1962 produciuse a **crise dos mísiles**. Avións espía **estadounidenses** detectaron a presenza en Cuba de ramplas de **mísiles nucleares soviéticos**. O presidente estadounidense **Kennedy** decretou o **bloqueo naval de Cuba** para evitar a chegada de subministracións militares á illa e **ameazou a URSS con invadir Cuba** se non retiraba os mísiles. O **momento máis grave** produciuse cando **buques estadounidenses pecharon o paso a un convoi soviético** que levaba subministracións a Cuba e **que se negou a deterse**. Finalmente, **Kruschev ordenou a retirada dos barcos soviéticos** e o **desmantelamento das ramplas de mísiles** a cambio de que **Estados Unidos se comprometese a non invadir Cuba**. Malia todo EEUU mantivo a presión sobre o réxime cubano.

17. A CRISE DOS MÍSILES



18. A GUERRA FRÍA (1953-1962)



<https://www.dailymotion.com/video/x4mm6p0> minuto 22:00 a 39:40.

5. Da máxima tensión á crise (1963-1973).

Tras a crise de Cuba, iniciouse unha nova etapa de **contactos** entre as dúas potencias co fin **delimitar a produción de armamento atómico**. En 1968 asinou o **Tratado de Non Proliferación das Armas Nucleares**, e en 1972 os chamados **Acordos SALT I** para a **limitación de armas defensivas nucleares** estratéxicas.

De todas maneiras houbo momentos de **tensión** e unha **grave crise**, a guerra de Vietnam.

5.1. A guerra de Vietnam.

Vietnam formou parte da **colonia francesa de Indochina**. En 1954, Francia retirouse da zona e a rexión quedou **dividida en dous Estados**, separados polo paralelo 17° N: **Vietnam do Norte**, cun réxime **comunista** encabezado por **Ho Chi Minh**; e **Vietnam do Sur**, cun réxime **ditatorial**, pero simpatizante de Estados Unidos.

En **Vietnam do Sur** existía unha **guerrilla comunista, o Vietcong**, apoiada polo réxime norvietnamita, que ameazaba con derrubar o Goberno. **EEUU**, alarmado por un posible aumento da influencia comunista e a súa extensión por todo Vietnam, **foi aumentando a súa presenza no sur**, a partir de 1964, co envío de **tropas** estadounidenses.

En 1968 o **Vietcong lanzou unha ofensiva** que puxo de manifesto a **imposibilidade de que as tropas estadounidenses puidesen gañar a guerra**. Ademais, a **oposición ao conflito** estenderase por Occidente, incluso en EEUU, polas terribles imaxes da guerra que se mostraban en televisión.

En 1969, **Richard Nixon** asumiu a presidencia de EEUU coa promesa de poñer fin á guerra. Catro anos máis tarde, en 1973, chegouse a un **acordo de cesamento do fogo**. Estados Unidos **retirou todas as tropas e acordouse a reunificación do país**. Pero a loita entre o norte e o sur continuou ata abril de 1975, cando as **tropas do Vietcong e de Vietnam do Norte tomaron Saigón**.

En 1976 **Vietnam** uniuse nun só Estado, que se sumou ao **bloque comunista**.

A guerra de Vietnam produciu máis de **dous millóns de mortos e millóns de feridos**, moitos deles con secuelas irreversibles. Para **EEUU**, a guerra foi un **gran fracaso**. A derrota interpretouse como un **síntoma de decadencia**, e no exterior o seu papel **hexemónico foi cuestionado**.



6. O rebrotamento e o final da guerra fría (1973-1991).

6.1. O período de entendemento e distensión (1973-1977).

A guerra de Vietnam debilitara a posición de Estados Unidos no mundo. Nese contexto abriuse unha **nova fase de entendemento** que se materializou na **Conferencia de Seguridade e Cooperación de Helsinqui (1973-1975)**, onde as dúas superpotencias **estableceron unha serie de principios** encamiñados a estender un novo **clima de confianza** nas relacións Leste-Oeste.

6.2. O rebrotamento da tensión (1977-1985).

Esa débil concordia axiña se viu ensombrecida pola **crise de 1979**, ano en que confluíron **varios sucesos**:

- A **invasión soviética de Afganistán**, que permitía á URSS aumentar a súa **influencia na área asiática**. Da que so saíran o final da Guerra Fría tras dez anos de ocupación.
- A **revolución sandinista en Nicaragua**, que **derrocaba unha ditadura conservadora** e establecía no país un **régime próximo ao comunismo**, coa conseguinte **intervención de Estados Unidos** para erosionar o novo réxime.
- A **revolución islámica en Irán**, que acababa co **reinado do xa, aliado de Estados Unidos**, e iniciaba unha **etapa de inimidade** entre os dous países.

Entre 1977 e 1985 o mundo asistiu tamén a un **incremento da carreira de armamentos**.

A comezos da década de 1980, a URSS **augmentou o seu arsenal nuclear** coa construción de mísiles de alcance medio, que despregou na súa área de influencia en Europa oriental.

En 1983, EE.UU. **despregou en Europa occidental centenas de mísiles nucleares** de alcance medio capaces de impactar no **máis profundo** do territorio da URSS. Ademais, aprobou un programa de **Iniciativa de Defensa Estratéxica**, popularmente coñecido como “**guerra das galaxias**”, un suposto **escudo espacial** para destruír os mísiles soviéticos.

Como consecuencia de todos estes feitos as **relacións entre as dúas superpotencias arrefriaron** e a comezos da década de chegaron a un **nivel de tensión similar aos momentos máis duros**.

Non obstante, a partir de **1985**, o **bloque comunista** viuse afectado por unha **grave crise** e entrou nun **proceso de descomposición** que puxo fin á Guerra Fría.

6.3. O final da Guerra Fría (1985-1991).

A chegada ao poder do **novo líder soviético Mikhail Gorbachev** en **1985** puxo de manifesto as **graves dificultades que atravesaba a URSS**: unha **forte tensión** nas relacións con Estados Unidos, **rivalidade con China**, **graves problemas económicos internos** e **tensións políticas** entre as **distintas nacionalidades** que compoñían a Unión Soviética...

Gorbachev aplicou un conxunto de reformas dentro do país (perestroika e glasnost), e propuxo unha **política de achegamento e diálogo con Estados Unidos** para **frear a carreira de armamento** que estaba colapsando a economía soviética.

En **1987** pactouse no **Tratado de Washington o desarmamento** entre ambas as superpotencias. Estes acordos **alcanzarían o seu punto culminante** en Xullo de **1991**, sendo **xa o presidente de Estados Unidos George Bush**, co **tratado START 1**, polo que se **diminuía a cantidade de mísiles intercontinentais** e os seus sistemas de lanzamento.

Pouco antes, en **1989**, presidente estadounidense, **George Bush**, e o líder soviético, **Mikhail Gorbachev**, reuníronse e proclamaron oficialmente o **fin das tensións** entre as dúas superpotencias. Este feito, unido á **disolución da URSS en 1991**, supuxo o **final da Guerra Fría**. Deste xeito no mundo quedou **unha única superpotencia**. Estados Unidos.



O Novo orden mundial.

7. A desaparición do bloque comunista.

7.1. A desintegración da URSS.

En 1985 Mikhail Gorbachev chegou á **presidencia** da Unión Soviética.

Nese momento o país padecía **graves problemas**:

- As **industrias de bens de consumo e a agricultura** eran incapaces de abastecer a poboación.
- A **prioridade concedida á produción militar** impedira o desenvolvemento doutros sectores económicos.
- O **uso das tecnoloxías da información** estaba limitado pola censura e o control do PCUS.

Gorbachev aplicou **diversas medidas** para solucionar estes problemas. Non obstante, non puido impedir que a situación económica se deteriorase máis.

No ámbito político Gorbachev centrouse en **dúas actuacións**:

- A **perestroika**, que foi o **conxunto de reformas** destinadas a **democratizar o réxime** e lograr a apertura política.
- A **glasnost**, que foi a **política de transparencia informativa**.

Como consecuencia destas medidas, **desapareceu o monopolio do PCUS**, o que permitiu a aparición de novos grupos políticos. Ao mesmo tempo, os **dereitos e liberdades** da poboación foron ampliándose. En 1988 **celebráronse eleccións libres** e outorgouse **máis autonomía ás repúblicas soviéticas**.

Estas políticas favoreceron o **xurdimento de sentimentos nacionalistas e independentistas** en case todas as repúblicas soviéticas. En 1991 **asinouse a disolución da URSS en 15 repúblicas**. En decembro de 1991 **Gorbachev presentou a súa dimisión** como presidente da Unión Soviética. Posteriormente, **doce delas agrupáronse na CEI** (Comunidade de Estados independentes). O Estado máis importante foi **Rusia**, que tivo como primeiro presidente a **Boris Eltsin**.

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

A perestroika



O Partido Comunista realizou unha análise crítica da situación á que se chegara a mediados da década 1980 e formulou a política

21. Mikhail Gorbachev, da *perestroika* ou reestruturación, unha política tendente a acelerar o desenvolvemento económico e social do país e a renovar todas as esferas da vida. O pobo soviético comprende e acepta esta política: a *perestroika* vivificou o conxunto da sociedade.

M. GORBACHEV, *A perestroika e a nova mentalidade*, 1988

- Que foi a perestroika segundo Gorbachev?



11 INTERPRETA O MAPA.

- Nomea os países que formaban parte da CEI.
- Que antigas repúblicas da URSS non se integraron na CEI?

7.2. As revolucións democráticas de Europa do Leste.

Ao **final dos 80**, nos países de **Europa do Leste** vivíase unha **profunda crise** e un fondo rexeitamento ao dominio soviético, As reformas de Gorbachev permitiron aos movementos de **oposición organizarse e manifestar abertamente** as súas críticas aos dirixentes comunistas. En **1989** sucedéronse **varias revolucións populares**, primeiro en **Polonia** (liderada polo **sindicato Solidariedade de Lech Walesa**) e en **Hungría**, e meses despois, na **República Democrática Alemá, Checoslovaquia, Bulgaria e Romanía**, que significaron o final do comunismo.

Estas revolucións tiveron **importantes consecuencias e modificaron o mapa político europeo**:

- A **caída do muro de Berlín**, en **outubro de 1989**, e a **reunificación de Alemaña en 1990**.
- En 1991, o **final do comunismo en Iugoslavia** significou a súa desintegración. As **tensións independentistas provocaron un grave conflito bélico** que se prolongou ata 2001 e concluíu coa aparición de **sete novos Estados**.
- A **desintegración da URSS en 1991** (en 15 repúblicas).
- En **1992 Checoslovaquia** dividiuse en **República Checa e Eslovaquia**.
- Tamén conlevou a **disolución do Pacto de Varsovia**.



24. A CAÍDA DO COMUNISMO EN EUROPA DO LESTE

8. A única superpotencia.

Tras o final da Guerra Fría, **Estados Unidos converteuse na única superpotencia mundial**, o que o impulsou a **intervenir en diversos conflitos**:

- En 1991 Estados Unidos interveu na **guerra do Golfo**, liderando unha **coalición internacional**, apoiada pola ONU, para **expulsar as tropas iraquís que invadiran Kuwait**.
- En 2001 tras os **atentados do 11-S**, dirixiu a **ofensiva contra o Goberno talibán en Afganistán**, ao que consideraba aliado da organización **Al Qaeda**. En 2011, tropas estadounidenses **asasinaron o líder de Al Qaeda, Osama bin Laden**, en Paquistán.
- En **2003 liderou a guerra de Iraq** argumentando que este país posuía **armas de destrución masiva**, algo que máis tarde recoñeceu que non era certo. Esta intervención significou o **derrocamento do presidente de Iraq, Sadam Huseín**. As tropas estadounidenses retiráronse en 2011.



11. Atentado contra as torres xemelgas en Nova York o 11 de setembro de 2001.

A **emerxencia de China**, o fracaso das intervencións en Afganistán e Iraq, o rexurdir de Rusia e as **accións unilaterais** baixo a presidencia de George W. Bush provocaron un **crecente sentimento antiestadounidense**. A todo iso sumáronse os **problemas económicos**, o que **dificultou** a Estados Unidos o exercicio dunha **hexemonía unilateral e global**. O **presidente Obama** foi partidario de **colaborar cos seus aliados**.

Así, os **intereses de Estados Unidos céntranse no Pacífico e en Asia**, onde consolidou as súas **alianzas tradicionais** con Xapón, Corea do Sur e India e estableceu **outras novas**, con Vietnam, co obxectivo de **conter a China**, o seu maior rival potencial. Tamén é **prioritaria a loita contra o xihadismo**, representado por ISIS.

Descolonización e Terceiro Mundo.

9. A descolonización.

9.1. A descolonización: causas.

A partir de 1945 produciuse a descolonización, é dicir, a **independencia política da maioría dos territorios** que formaban parte dos **imperios coloniais**. As causas do proceso son moi variadas:

- A **debilidade das metrópoles**. A **2ª Guerra Mundial demostrou** ás colonias que as súas metrópoles **non eran invencibles**. Ademais, as colonias **contribuíran á guerra con recursos naturais e proporcionando tropas**; e **combateran no seu territorio**. Por iso, a guerra serviu de escola para **formar militarmente** os habitantes das colonias e **crear líderes populares**.
- Os **gastos que as colonias xeraban ás metrópoles** (Administración, exército. Infraestruturas...) non eran compensados polos beneficios que obtiñan delas.
- Os **movementos nacionalistas**. A **elite indixena** desenvolveu unha conciencia crítica fronte á **presenza europea** e elaborando un pensamento que **reivindicaba a independencia**: a reivindicación dunha **identidade propia** (panafricanismo), a **relixión como sinal de identidade** (panislamismo), unha lingua, cultura ou etnia propias; as **ideas anticolonialistas de raíz marxista**.
- **Un contexto internacional favorable**. A ONU defendeu o dereito de autodeterminación dos pobos e as dúas superpotencias condenaron a continuidade dos vellos imperios coloniais

9.2. A descolonización: espazos e cronoloxía.

A descolonización **afectou a millóns de persoas** e desenvolveuse principalmente entre as **décadas de 1940 e 1980**. Este proceso iniciouse en Asia (Filipinas e subcontinente indio) e despois estendeuse ao resto de Asia, África e parte de Oceanía.

Nalgunhas ocasións, a independencia logrouse **mediante acordos** entre a colonia e a antiga metrópole (**imperio británico**); noutras o proceso **foi violento**, como ocorreu en gran parte dos (**imperios francés e holandés**).

O **proceso de descolonización desenvolveuse en tres etapas**:

- **Entre 1945 e 1959**. Nesta fase lograron a súa independencia gran parte do **sur e sueste de Asia e Oriente Próximo**, e **algúns países africanos**.
- **Entre 1960 e 1970**. Afectou **gran parte do continente africano**. Tamén finalizaron as independencias dos países árabes e outras zonas asiáticas.
- **Entre 1971 e a actualidade**. Independizáronse as **últimas colonias africanas** (Angola, Mozambique...) e **outros territorios**, Hong Kong, Macao...

Na actualidade seguen existindo territorios que a ONU cualifica como **territorios non autónomos**, que son os restos de antigos imperios coloniais.

2. FITOS DA DESCOLONIZACIÓN DE ASIA E



→ SABER FACER

Interpretar unha caricatura sobre a descolonización

A caricature of the African continent where the landmass is a large keyhole. Numerous smaller keys are scattered across the map, representing different African nations. In the bottom left corner, a ship is shown with a hand reaching out towards the continent. The signature 'Luis Maty' is in the top right corner.

1. «É difícil dicir adeus». Caricatura sobre a descolonización africana publicada en 1960.

10. A descolonización de Asia e Oceanía.

10.1. A independencia da India británica.

O **Partido do Congreso**, fundado en 1885, representaba o nacionalismo hindú e estaba **liderado por Nehru**, discípulo de **Gandhi**, quen **defendeu a resistencia pacífica** para lograr que os británicos abandonasen a India. Este partido desexaba a **creación dun único Estado**.

A **Liga Musulmá**, creada en 1906 e dirixida por **Alí Jinnah**, aspiraba á **formación dunha nación propia** (o futuro Paquistán) coa partición da India.

O Goberno británico propuxo un **plan de independencia que previa a partición da India**. En **1947** naceron dous Estados independentes: a **India e Paquistán**.

A **India** tivo un sistema político **democrático e estabilidade política**. **Paquistán** quedou dividido en **dúas rexións separadas, Paquistán Occidental e Oriental** e no país alternaron ditaduras militares e Gobernos civís. En **1971 Paquistán Oriental** independizouse co nome de **Bangladesh**.

10.2. Indochina.

Ho Chi Minh, líder da Liga para a Independencia do Vietnam (Vietminh), de ideoloxía **comunista**, proclamou a **independencia de Vietnam en 1945**.

A independencia **non foi recoñecida por Francia**, o que provocou unha **guerra que adquiriu dimensións internacionais**, pois as milicias **vietnamitas foron apoiadas por China**, e os franceses recibiron axuda de **EEUU**, que intentaba **impedir o avance comunista** en Asia.

En **1954**, o **exército francés foi derrotado**. Francia recoñeceu a **independencia de Laos e Cambodja**, mentres **Vietnam**, tamén independente, **dividídiuse** en Vietnam do Norte e do Sur.



11. A descolonización de África.

En 1945 só existían en África tres Estados independentes; Etiopía, Exipto e Liberia.

11.1. O norte e nordeste de África.

Nos países de cultura musulmá a independencia estivo apoiada por un extenso **movemento relixioso e cultural**, o **panarabismo**, que promovía a solidariedade entre os países de lingua árabe e civilización musulmá, co fin de construír un novo bloque de países de proxección mundial.

En todos estes países, **mediante negociacións** (excepto no caso de Alxeria), obtivo das metrópoles crecentes cotas de autogoberno.

- **Libia** proclamou a súa independencia de Italia en 1951.
- Francia recoñeceu a independencia de **Marrocos e de Tunisia** en 1956.
- España renunciou ao seu protectorado sobre o territorio marroquí.

Alxeria viviu un **proceso de independencia longo**. En 1954 comezou a **insurrección independentista** impulsada pola **Fronte de Liberación Nacional (FLN)**. **Francia enviou tropas**, pero a **opinión pública francesa estaba dividida**. Os partidarios de que Alxeria se mantivese como colonia **organizáronse en grupos paramilitares**, os **OAS**, que levaron a cabo **accións terroristas** para combater os independentistas. En 1962 **Francia recoñeceu a independencia de Alxeria**.

11.2. África subsahariana.

As potencias europeas concederon a **independencia aos Estados de África subsahariana** dun **modo pactado** e, xeralmente, **pacífico**. Nesta zona **non se desenvolveran movementos nacionalistas**. Por iso, as **fronteiras** xurdidas das declaracións de independencia **responderon á repartición colonial** que as metrópoles trazaran durante o século XIX, incluíndo **nun mesmo Estado poboacións de etnias e culturas moi diferentes** e, ás veces, **enfrentadas**. **Pobos** que quedaron **separados entre dous ou máis dos novos países**.

Os procesos de independencia foron **iniciados por minorías das clases europeizadas**, das que xurdiran os **líderes da independencia**, mentres que a **gran maioría da poboación permaneceu allea** ao cambio de soberanía.

Por estas razóns, a **formación dos novos Estados non foi sinxela**, e tras a emancipación houbo **problemas: elites indíxenas** formadas en Europa **incapaces de comunicarse** coa maior parte do país, **institucións alleas á tradición local**, **ausencia de sentimento nacional**, **conflitos tribais e fronterizos...** En gran parte destes Estados **impuxéronse Gobernos ditatoriais**, xeralmente militares ou sustentados por militares.

Por outro lado, a **continuidade dos lazos políticos, económicos e culturais** coa metrópole provocou, como reacción, a aparición de **dous movementos**:

- **A negritude**, que **reafirmaba os valores culturais e espirituais** da África negra.
- **O panafricanismo**, un **movemento de unión e de Solidariedade** entre os **pobos africanos**. Xurdiu coa fundación da **Organización para a Unidade Africana (OUA)**.

